

**ACTA DA SESIÓN CELEBRADA POLA XUNTA DE GOBERNO LOCAL**  
**O DÍA 13/10/2021**  
**(Extracto en <https://sede.vilagarcia.gal> - transparencia)**

**PRESIDENTE**

TANIA GARCÍA SANMARTÍN

**CONCELLEIROS/AS**

Lista de asistentes

ARGIMIRO SERÉN MERA

LINO MOURIÑO SANTIAGO

LUZ MARIA ABALO PÉREZ

DIEGO GARCIA SANTIAGO

JOSE MARIA GONZALEZ ARAUJO

MATILDE LAYA LORENZO

Lista de non asistentes

ALBERTO VARELA PAZ

**SECRETARIA**

MARIA ROSA LOSADA SUAREZ

**INTERVENTORA**

TRINIDAD GÓMEZ REIRIZ

**RÉXIME INTERIOR**

**PRP2021/3666**

Vista a proposta da Area de Comunicación Social, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por La Máquina Blanda Producciones SL para a emisión do programa de Carne Cruda dende Vilagarcía, o día 28 de outubro, coincidindo coa 49 edición de Curtas, Festival do Imaxinario, por un importe total de 3.388 € (IVE incluído), con cargo á partida 926.22602.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

**PRP2021/3668**

Dáse conta do escrito da Dirección Xeral e Emerxencias e Interior, comunicando a celebración de bingos na Sede do Liceo Casino de Vilagarcía, na Rúa Castelao 5, os venres e sabados entre outubro de 2021 e 31 de decembro de 2021.

Visto o citado escrito, comunícase o seguinte:

Pola Xunta de Goberno Local de data 26 de xullo de 2021 acordouse, en relación co escrito presentado o 27 de xuño de 2021 por D. Francisco Borja Santamaria González solicitando ao Concello autorización para o desenvolvemento de concertos e outras actividades como actuacións de maxia, de drag queens ou monólogos, bingo, etc, nas noites de venres e sábado dos vindeiros meses nos espazos do Liceo Casino:

Na Casa do Concello de Vilagarcía de Arousa, ás 10:30 horas do día 13/10/2021 reuníronse no Sala de reunións, previa a oportuna citación e en primeira convocatoria, as/os señoras/es membros da Xunta de Goberno Local que á marxe se relacionan, co obxecto de levar a efecto sesión .

Desculpada a ausencia dos concelleiros indicados, e comprobada a existencia de quórum suficiente, queda constituída a sesión e pasan a tratarse os asuntos incluídos na orde do día.

NÚMERO 1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR.- A Presidencia abriu o acto, e pola súa orde deuse conta da acta da sesión anterior, de data 04-oct-2021, que se aprobou por unanimidade.

- Denegar, tendo en conta que se trata dunhas instalacións de propiedade municipal, a autorización solicitada para as actividades citadas, por non quedar plenamente garantizado o cumprimento das medidas de prevención do COVID-19.
  - Ao mesmo tempo comunicouselle que deberían entregar no Concello as chaves das citadas instalacións e deixar libre e vacío a totalidade dos locais do Liceo Casino no prazo de 2 meses, a contar dende a notificación do citado acordo.
  - Así mesmo indicábaselle que poderían solicitar a realización de actividades noutras instalacións municipais culturais ao igual que os colectivos culturais ou asociacións que desenvolven actividades no Concello, sen que o solicitaran ata o momento.
- Polo exposto, indicase á Dirección Xeral de Emerxencias e Interior que nas instalacións municipais do Liceo Casino non se autoriza a realización de bingos.

### **PRP2021/3673**

Dáse conta de escrito presentado por Telefónica de España SAU solicitando autorización para acceso a zonas restrinxidas ao tráfico e zona azul de Vilagarcía de Arousa cos vehículos que desenvolven a súa actividade na cidade, de forma gratuíta.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda comunicarlle que poderá acceder ás rúas de circulación restrinxida, nas condicións establecidas no artigo 39.2 da vixente ordenanza de circulación:

Art. 39: Os vehículos dos servizos públicos de subministración de gas, electricidade, telefonía e similares, nos supostos de restablecementos ou reparacións urxentes por avarías ou cortes de subministración de calquera dos servizos públicos, será suficiente comunicar á Policía Local, por calquera medio que permita ter constancia, a necesidade de circular e estacionar, no seu caso.

Así mesmo indicase que o estacionamento de vehículos en zona azul é gratuíto para todos os usuarios, polo tanto non ten relación coas exencións previstas nas normas de carácter tributario.

### **PRP2021/3674**

Dáse conta do escrito presentado por D. Ramón Rosillo Ferrerueta solicitando estacionar o vehículo no Calexón da Praza Doctor Carús os días de mercado (martes e xoves).

Dáse conta de informe da Policía Local no que se indica que segundo información do Servizo de Mercados, os días de mercado non se pode estacionar na citada Rúa.

A Xunta de Goberno Local acorda non acceder ao solicitado polo Sr. Rosillo Ferrerueta.

Acórdase así mesmo que se proceda a sinalizar vertical ou horizontalmente a prohibición de estacionamento na citada Rúa (calexón da Praza Doutor Carús).

Dar conta á Policía Local e Servizo de Sinalización.

### **PRP2021/3676**

Dáse conta de sentenza do 23 de setembro de 2021 do Xulgado do Contencioso nº 3 de Pontevedra, ditada no procedemento ordinario 21/2021 a instancia da mercantil Promociones Inmobiliarias del Pisuerga SA (PROINSA), estimando o recurso interposto contra a desestimación presunta, por silencio, da súa solicitude de 8 de outubro de 2019, reiterada o 11 de marzo de 2020 a fin de obter a declaración administrativa de resolución asociada á declaración de concurso da empresa do contrato de concesión administrativa de construción e xestión do Servizo Municipal de estacionamento soterrado de vehículos na Praza Xoan XXIII, condenando ao Concello a aperturar expediente administrativo, con audiencia da concesionaria, para a declaración da resolución do contrato de concesión e a súa liquidación resolvendo expresa e

finalmente, en prazo, sobre o seu importe e establecendo unha data efectiva de reversión do activo, nos termos que se indican na fundamentación xurídica da sentenza.

Todo elo con expresa imposición de costas en contía que non excederá o límite de 700 € impostos non incluídos.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda:

- O recoñecemento de obrigación, por importe de 700 € correspondentes ás costas, con cargo á partida 929.22699.
- Que se presente o recurso de apelación no prazo indicado na propia sentenza (15 días seguintes ao da notificación), ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia.

### **PRP2021/3669**

Dáse conta do escrito presentado por D. Luis Vila López, en representación de CULTURINVEST, SOCIEDAD LIMITADA, solicitando autorización para instalar o espectáculo circense "GLocal Circus" do 3 ao 7 de novembro de 2021 en Fexdega, así como colocación de cartelería que sería retirada unha vez rematado o evento.

A Xunta de Goberno Local acorda comunicarlle que non é posible conceder a autorización para as datas solicitadas, dado que as instalacións de Fexdega van a ser utilizadas polo Concello para a realización dun proceso selectivo, polo que, caso de interesarlle, deberá propoñer outras datas para a realización do espectáculo solicitado.

### **PRP2021/3741**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo de Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2021 de aprobación do orzamento presentado por Automoción La Junquera SL para reparación de bomba inxectora do sistema de alimentación de combustible do vehículo matrícula PO7010BK (autoescada), figurando no mesmo "por un importe total de 667,53 € (IVE incluído)", con cargo á partida 135.213, e debendo figurar "por un importe total de 677,53 € (IVE incluído)", con cargo á partida 135.213.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

## **RECURSOS HUMANOS**

### **PRP2021/3530**

Dáse conta da resolución da Alcaldía de Aprobación da Oferta de Emprego Público 2021, que inclúe as necesidades de recursos humanos con asignación presupostaria que deben proveerse mediante a incorporación de persoal Funcionario de Carreira de novo ingreso seguinte:

Subgrupo	Plaza	Nº	Escala	Subesc/Clase/Categoría
C1	Policía	2	Servizos especiais	Policía Local/Básica (xa comunicadas AGASP)
A1	Técnico de Administración Xeral	1	Administración Xeral	Técnica
A2	Traballador Social	1	Administración Especial	Media

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

### **PRP2021/3659**

Vista a proposta da Concellería de Persoal, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o orzamento presentado por Sobrino G. SA, para o subministro de roupa de traballo para o persoal

adscrito a diversos Servizos Municipais, por un importe total de 10.600,06 e (IVE incluído), coa seguinte desagregación:

#### 5.- NÚMERO DE SERVIZOS CUBERTOS, EFECTIVOS E DISTRIBUCIÓN DO GASTO

##### 5.1: NÚMERO DE EFECTIVOS

Departamento de mercados: 5

Departamento de cemiterios: 3

Departamento de Vías e Obras: 18

Departamento de portería: 4

Salón García: 2

Departamento de Xardíns: 12

Departamento de Medio Ambiente: 8

##### 5.2. DISTRIBUCIÓN DO GASTO

Departamento de mercados: 997, 40 €, con cargo á partida 4312.22104.

Departamento de cemiterios: 434, 92 €, con cargo á partida 164.22104.

Departamento de Vías e Obras: 4.382,92 €, con cargo á partida 453.22104.

Departamento de portería: 347,21 €, con cargo á partida 920.22104.

Salón García: 328,56 €, con cargo á partida 334.22104.

Departamento de Xardíns: 2.943,13 €, con cargo á partida 171.22104.

Departamento de Medio Ambiente: 1.165,91 €, con cargo á partida 170.22104.

#### **PRP2021/3661**

Acórdase o pago non orzamentario a favor de Sanitas SA de Seguros pola factura correspondente á liquidación de primas de asistencia sanitaria no mes de outubro de 2021 a funcionarios, laborais, pensionistas e familiares, por importe de 408,32 €, na aplicación non orzamentaria 20502.

#### **PRP2021/3663**

Tendo en conta o Real Decreto 817/2021, de 28 de setembro, polo que se fixa o SMI con efectos de 1 de setembro de 2021 e visto o informe do Negociado de Recursos Humanos en relación coas retribucións que se están a utilizar nos programas de emprego (Programas Cooperación Deputación Provincial e Xunta de Galicia), e que para o ano 2021 no grupo V son inferiores ao salario mínimo interprofesional, polo que procedería incrementar o concepto incentivo ata un importe de 165,65 € (incremento 6,45 €), o que faría un total de retribucións de 965,00 €/mes para o grupo V. O mesmo correspondería facer co resto dos grupos que se lles asignaría un incentivo de 165.65 €/mes (código incentivo a determinar, 35/36: incentivo postos base).

A Xunta de Goberno Local acorda:

a) Fixar para os postos base un incentivo/complemento de destino (códigos 35/36) por importe de 165,65 €/mes.

b) Actualizar as retribucións dos alumnos dos obradoiros de emprego adecuandoos ao novo salario mínimo profesional (17,50 €/mes - incluído o rateo da paga extra).

## **BENESTAR SOCIAL**

### **BENESTAR SOCIAL**

### **PRP2021/3684**

Vista a proposta da Concellería de Servizos Sociais, Igualdade e Persoas Maiores e ao abeiro da Orde do 6 de setembro de 2021 pola que se establecen as bases que rexerán a concesión de subvencións a corporacións locais para o investimento en centros de inclusión social, emerxencia social e a inclusión social da poboación xitana, inmigrante e outras persoas en risco de exclusión social, e se procede a súa convocatoria para os anos 2021 a 2023 (susceptible de ser financiada con fondos REACT-UE no marco do programa operativo FSE Galicia 2014-2020), a Xunta de Goberno Local acorda solicitar subvención polo período 2021-2023 para:

- Programas dirixidos a inclusión social da poboación de etnia xitana, por importe de 81.552,712 €
- Programas dirixidos a inclusión social de poboación inmigrante, por importe de 20.451,84 €

### **PRP2021/3683**

Visto informe-proposta da Concelleira delegada de Benestar coa relación de nenos asistentes á Escola Infantil Municipal con dereito a subvención, e relación motivada dos nenos admitidos sen dereito a subvención, para a aprobación do pago da cantidade correspondente ó mes de setembro de 2021, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a proposta e o recoñecemento de obrigação a favor de Bonecos Vilagarcía, S.L., polo importe de 28.074,42 € con cargo á partida 323.48007.

(EXPTE: EIMXESTION/2021/0003 -- SS/2021/000127)

## **XUVENTUDE E NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA**

### **XUVENTUDE**

#### **PRP2021/3642**

Vista a proposta da Concellería de Xuventude, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar a conta xustificativa da subvención concedida ao abeiro das bases reguladoras das subvencións a proxectos de promoción e dinamización do Xacobeo 2021, dentro do programa O Teu Xacobeo (Axencia de Turismo de Galicia) para a seguinte acción cultural: VILAGARCÍA DE AROUSA, CIDADE DO LIBRO 2021, facendo constar o seguinte:

PRIMEIRO:

Que se realizou íntegramente o programa denominado VILAGARCÍA, CIDADE DE LIBRO 2021 e que se cumpreu a finalidade para a que foi concedida a subvención.

Que se garantiu o principio de facilitar o dereito das persoas ao acceso universal á cultura a través do libro e se cumpreu deste xeito a finalidade principal: a posta en valor da promoción da lectura a través da realización dun evento cultural de grandes dimensións, que abarcou unha serie de actividades articuladas ao redor dunha feira do libro temática, fomentando a cultura literaria galega, a dinamización do noso patrimonio natural, cultural e humano, dando especial relevancia ao Camiño de Santiago e destacando a nosa variante Ruta Marítimo Fluvial do Mar de Arousa e Ulla. A Orixe dos Camiños.

SEGUNDO:

Que os gastos que figuran na presente conta xustificativa se realizaron e aplicaron á actividade subvencionada, quedando á disposición da Axencia de Turismo de Galicia para o seu exame, de se considerar oportuno, os xustificantes correspondentes.

TERCEIRO

O concepto e contía correspondente ao gasto total soportado polo Concello, entidade beneficiaria, imputable á actuación subvencionada, é o seguinte:

Entidade	Cif	concepto	Número factura	data	importe	Data recoñecemento obriga
Artefeito, S. Cooperativa Galega	F70586763	Producción e control de espazos. Gastos derivados da actividade: loxística, dietas, material de desinfección e seguridade Covid	art_0362021	28/06/21	6.893,37 € (ive do 21% engadido)	26/07/21
CULTURACTIVA, Sociedade Cooperativa Galega	F15983067	Xestión de programación de autores/as, gastos de honorarios, dietas, viaxes e estancia da Cidade do Libro 2021	Cult-1552021	28/06/21	16.407,60 € (ive do 21% engadido)	26/07/21
Servicios Integrales de Formación	B70010665	Libro con rodas, contos no camiño	21 92	22/07/21	6.006 € (ive do 10% engadido)	18/08/21
Carlos Galban Zaragoza	354497299J	Instalación de equipos de son, asistencia técnica	A/1	29/06/21	2.032,80 € (ive do 21% engadido)	26/07/21
Urdime Sociedade Cooperativa Galega	F-70353982	Espectáculo A Ovella Engracia	21 186	22/06/21	970 € (ive do 21 % engadido)	19/07/21
Polo Correo do Vento S.C	J94077047	Dous contacontos ilustrados, con música e lingua de signos	PCV 55	25/06/21	877,25 (ive do 21% engadido)	19/07/21
Felipe Díaz Valle	33998156Q	Espectáculo "Unhas gafas coma as do avó"	2021 59	2/08/21	495 € (ive do 10% engadido)	27/09/21
Asociación Curtas Film Fest	G94137379	Programación e xestión do día 25 de xuño	00015	29/06/21	1.000 € (actividade exenta de iva)	26/07/21
En Volandas S.L	B86713005	Grabados Volantes. Gráfica móvil sostenible	A04 2021	30/06/21	605 € (ive do 21% engadido)	4/10/21
Carlos Crespo Gómez	153373039T	Moderación mesas redondas dos días 23, 24, 25 e 26 de xuño	14	5/07/21	484 € (ive do 21% engadido)	9/08/21
CULTURACTIVA, SOCIEDADE COOPERATIVA GALEGA	F15983067	Obras: 2 no Camiño e Crunch!	CULT 1592021	29/06/21	2.783 € (ive do 21% engadido)	9/08/21
RAQUEL GARCÍA RODRÍGUEZ	44463265X	Representación Caso Pechado	Emit 6421	27/06/21	330 € (ive do 21% engadido)	19/07/21
TÍTERES CACHIRULO	B15510084	Exposición "Biblioteca dos Libros Fantásticos" Representación espectáculo "Alicia no país das maravillas"	2021 09	30/06/21	2.150 € (ive do 21% engadido)	9/08/21
KOREMI XESTIÓN S.L	B27729193	Animacións de rúa: Asterix e Obelix, Mortadelo e Filemón e Universo Mafalda	EMIT 147	1/07/21	3.521,10 € (ive do 10% engadido)	26/07/21
ESTEBAN ACUÑA LAGOS	53116932L	Espectáculo de contacontos Kamishibai Debulendo Lendas Galegas	EMIT 29	23/06/21	275 € (ive do 10% engadido)	26/07/21
VIRTUAL PUBLISHERS S.L	B94020336	Intervención de Manel Loureiro en el evento Cidade do Libro 21	VVP23 2021	30/06/21	847 (ive do 21% engadido)	19/07/21
Clámide. Taller de Teatro	G36167625	Organización e xestión da actividade ximcana Harry Potter	E1/2021	29/06/21	1.500 € (actividade exenta de iva)	9/08/21
Francisco Javier Da Silva	36166550Q	Curso Aprende Banda Deseñada con FIZ	2021 013	6/07/21	500 € (actividade exenta de iva)	9/08/21
Cograf. Cooperativa Gráfica Galega	F15462930	Letras en pvc espumado branco de 3mm troqueladas	21125	18/06/21	907,50 (ive do 21% engadido)	13/10/21
VIVEROS O PIÑEIRO	B36213460	Alquiler plantas/árbores/olivo	ADM 21 389	29/0	635,25 (ive	30/08/21

S.L				6/21	engadido)	
VIVEROS O PIÑEIRO S.L	B36213460	Césped artificial	ADM 21 390	29/06/21	479,99 (ive engadido)	19/07/21
VISUAL GRAPHICS IMAGEN Y PUBLICIDAD S.L	B3689216	Bandera rectangular	A 438	22/07/21	241,94 (ive 21% engadido)	30/08/21
BAÑOS PRINT S.L	B36252872	Vinilos cubos	EMIT 261	4/08/21	479,16 (ive 21% engadido)	4/10/21
BAÑOS PRINT S.L	B36252872	Lona cidade do libro	EMIT 262	4/08/21	198,44 (ive 21% engadido)	4/10/21
Bello Rubianes Joaquin	35462058Z	Letras madera y guirnalda	0004	21/06/21	614,90 (ive 21% engadido)	13/09/21
Castromán S.L	B36406650	Cinta perforada tornillos	202105197	30/06/21	23,01(ive 21% engadido)	13/10/21
González Miguez Purificación	36069623B	Campaña publicidade Cidade do Libro	Emit 129	28/06/21	484 (ive 21% engadido)	19/07/21
Uniprex, S.A.U.	A28782936	Emisora Pontevedra OCR. Anuncio Vilagarcía Cidade Libro	2211027206	30/06/21	605 (ive 21% engadido)	9/08/21
Editorial La capital S.L	B15162068	c. Vilagarcía De Arousa-Cidade de Libro	PV21 120	30/06/21	484 (ive 21% engadido)	9/08/21
La Voz de Galicia S.A	A15000649	Vilagarcía Cidade de Libro. Junio_19. La Voz de Galicia Arousa	P21 004013	30/06/21	744,15 (ive 21% engadido)	9/08/21
Faro de Vigo S.A	A36600815	Publicidad: A0000003853	2021/0001579	30/06/21	609,84 (ive 21% engadido)	30/08/21
Jueguen García Pablo	35473888E	Publicidade en facebook e instagram do evento Vilagarcía Cidade de Libro	1721	27/07/21	193,60 (ive 21% engadido)	30/08/21
Oftefor CB	E36418283	Traslados salón do libro, días 23 e 26 de xuño. Traslados de equipo, e persoas (20 en cada traslado) ida e volta	46	26/07/21	968 € (ive 21% engadido)	13/10/21
On EN MARCHA SEGURIDAD Y VIGILANCIA S.L	ESB63276174	Vixianza do salón do libro os días 23,24,25,26 e 27 de xuño de 2021	V08-210638	29/06/21	575,96 € (IVE ENGADIDO)	13/10/21

TOTAL GASTO IMPUTABLE Á ACCIÓN REALIZADA: 55.921,86 €

#### CUARTO:

O conxunto de axudas solicitadas ou concedidas para este mesmo proxecto, procedentes das distintas administracións públicas ou doutros entes públicos ou privados, nacionais ou internacionais, independentemente da concedida ao abeiro desta orde, son as seguintes:  
Ningunha outra axuda.

#### QUINTO

O Concello de Vilagarcía de Arousa declara estar ao día no cumprimento das obrigas tributarias ou fronte á Seguridade Social e de non ter pendente de pagamento ningunha outra débeda coa Administración pública da comunidade autónoma

#### SEXTO

Que se lle deu difusión á subvención obtida facendo constar a colaboración da XUNTA DE GALICIA (Xacobeo 2021, dentro do programa O Teu Xacobeo (Axencia de Turismo de Galicia) a través da páxina web do Concello e de cartelería.

## TURISMO E MEDIO AMBIENTE

## MEDIO AMBIENTE

### PRP2021/3743

Visto o acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2021, de concesión das seguintes axudas ao abeiro das bases reguladoras do programa a proxectos de actuacións preventivas e/ou obra forestal destinadas á prevención e defensa contra os incendios e protección dos montes do Concello de Vilagarcía de Arousa 2021, acórdase completar o mesmo facendo constar que as citadas axudas se conceden con cargo á partida orzamentaria 170.489:

BENEFICIARIO	NIF	IMPORTE
C.M.V.M.C. DE TRABANCA SARDIÑEIRA	V-36103125	8.180,19 €
COMUNIDAD DE MONTES TRABANCA BADIÑA	V-36301828	13.408,68 €
COMINIDAD DE MONTES VECINALES MANO COMÚN DE CEA	V-36156214	12.659,18 €
CMVMC DE GUILLÁN	V-36436319	7.866,19 €
CMMVVMC N3006 SOBRÁN E VILAXOÁN	V-36187995	10.035,18 €
CMMVVMC N3000 BAMIO	V-36116168	8.252,19 €

## CULTURA

### PRP2021/3649

Vista a proposta da Concellería de Cultura, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación do gasto correspondente a produción técnica (son+técnico de son) necesaria para a celebración do Concerto a cargo do pianista-arxentino Juan Carlos Cambas, acompañado de outros invitados, adxudicando dito gasto a empresa GLOBAL SETUP S.L. por un importe de 871,00€ (IVE engadido), con cargo á partida 334.203.

Lémbrese ao provedor que dende o 1 de xaneiro de 2015 é obrigatorio facer constar na facturación emitida, o DIR3 do Concello de Vilagarcía de Arousa, que está dispoñible na web municipal.

## CONTRATACIÓN

### PRP2021/3633

Vista a proposta da Concellería de Urbanismo, a Xunta de Goberno Local acorda nomear ao Enxeñeiro Técnico ao servizo do Concello, D. Oscar Álvarez González, como director de obra e coordinador de seguridade e saúde, en fase de execución, da obra "Renovación dos Servizos e Humanización da Rúa Sobrán".

### PRP2021/3646

Vista a proposta da Concellería de Obras, Alumeado, Servizos e Relacións Veciñais, a Xunta de Goberno Local, no seu interese en converter a cidade nun espazo para a cidadanía, acorda:

- 1.- Adxudicar o contrato de servizos de realización da "Redacción de proxecto técnico básico e de execución da Humanización do entorno de Fonte e Lavadoiro de Vilaboa" á empresa Proyectos y Obras de Estructuras e Instalaciones, S.L. (Zubía Ingenieros) por importe de 8.700 € (IVE excluído), ao que lle corresponde un IVE do 21% de 1.827 €, totalizando un prezo de adxudicación (IVE engadido) de 10.527 €, con cargo á partida 150.640 /futuros exercizo 2022).
- 2.- Outorgar un período de 4 meses dende esta adxudicación do contrato de servizos para a



realización e entrega dos traballos. É dicir, a partir do día 1 de xaneiro de 2022 poden entregar o proxecto no Concello a través da sese electrónica municipal (<https:sede.vilagarcia.gal>) así como a factura a través da plataforma FACE. Ao mesmo tempo poden enviar o orzamento dos honorarios de dirección de obra e coordinación de seguridade e saúde para a súa aprobación a partir do 1 de xaneiro de 2022.

#### **PRP2021/3580**

Dáse conta de Resolución do INEGA de concesión de subvención por importe de 351.482,71 € para o investimento "Mellora da seguridade e accesibilidade de camiños escolares seguros aos centros da entorna de Matosinhos", sendo o orzamento total de 702.965,41 €.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora.

#### **PRP2021/3584**

Dáse conta do escrito presentado por D. Darío Fole Rodríguez solicitando a prórroga do contrato de concesión administrativa para a explotación de quiosco-bar ubicado no parque da praia de Compostela, denominado "pavillón de servizos", para a tempada de verán de 2022 (do 1 de xuño ao 30 de setembro de 2022). O Sr. Fole Rodríguez acredita que finalizou a explotación do quiosco da tempada de verán 2021, o día 30 de setembro de 2021.

Visto o informe da Secretaria Xeral, a Xunta de Goberno Local acorda acceder ao solicitado, nas mesmas condicións da adxudicación pola Xunta de Goberno Local de data 31 de maio de 2021, de conformidade coa oferta presentada seguinte:

1.- Canon: 1.800 €/mensuais (7.200,00 €/tempada de verán), 3 meses a partir da sinatura do contrato.

2.- Horario de apertura:

Horario de apertura e peche dende	De luns a mércores	De 10.00 horas a 23.00 horas
	De xoves a domingo	De 10.00 horas a 01.00 horas

3.- Proposta técnica presentada:

1. Creación dun "beach club", con cócteles, cafés, refrescos, combinados e viños.
2. Cafetería con tapas, baseada en produtos da ría e conservas e embutidos de alta calidade.
3. Música en vivo os fins de semana.

#### **PRP2021/3645**

Este Concello pretende acometer a execución dun muro de contención entre a Rúa Souto de Arriba e Rúa Centro (Castrogudín), para conseguir o ensanche do vial na Rúa Centro e dotar de maior seguridade á circulación por dita zona, atendendo desta xeito unha actuación demandada pola comunidade veciñal de Castrogudín.

As obras a realizar, consistirán en:

- Demolición de muro existente (fachada en ruínas).
- Desmontaxe e nova colocación de poste de madeira de telecomunicación.
- Movemento de terras e excavación para apertura e ensanche de caixa en terreno, para posterior pavimentado.
- Perfilado e refino de talud de desmonte, existente.
- Muro de contención de terras.
- Recheo en trasdós de muro de hormigón.
- Barandilla pasamans, formada por perfil superior e inferior, pilastras cada 3 m., con placa base

soldada e barra central, todo elo galvanizado.

- Pavimentación do vial de con M.B.C. D-12 (AC16 Surf 50/70 D) de espesor 6 cm, previo rego de imprimación ECI (Emulsión Catiónica de Rotura intermedia) con dotación de 1,00 kg/m<sup>2</sup>.
- Todos os residuos xerados durante a execución da obra, serán xestionados por Xestores autorizados por la Xunta de Galicia para cada residuo, e conforme á normativa vixente.

Neste senso adxudicouse ao enxeñeiro industrial D. Miguel Angel Fariñas Martín, a redacción do proxecto técnico baixo a denominación “Construcción de muro de contención entre Rúa Souto de Arriba e Rúa Centro, en Castrogudin”, cun orzamento de licitación (IVE engadido) de 33.399,15€, que entregou o documento técnico que foi supervisado favorablemente polo arquitecto municipal.

Á vista do anterior, a Xunta de Goberno Local acorda aprobar o proxecto técnico denominado “Construción de muro de contención entre Rúa Souto de Arriba e Rúa Centro, en Castrogudin”, redactado polo enxeñeiro industrial don Miguel Angel Fariñas Martín, por importe (IVE engadido) de 33.399,15 €.

#### **PRP2021/3744**

Dáse conta do acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2021, de adxudicación do contrato de obra denominado “ MELLORA DE CAMIÑO EN SANTA MARIÑA”, cofinanciado pola Consellería do Medio Rural, Axencia Galega de Desenvolvemento Rural (Agader), con cargo ao plan marco de mellora de camiños municipais de acceso a parcelas agrícolas 2021-2022, cun orzamento de licitación de 90.495,00 € (sen IVE/IVE)109.498,95 €( IVE incluído), á empresa con CIF: A36008886 CONSTRUCCIÓN OBRAS E VIAIS, S.A. (COVSA)., por importe de 75.094,38 € (IVE incluído) de conformidade coa oferta presentada.

A vista do mesmo, a Xunta de Goberno Local acorda completar o citado acordo facendo constar que o importe de adxudicación de 75.094,38 € se aboará con cargo á partida orzamentaria 454.619.

#### **PRP2021/3753**

Dáse conta da existencia dun erro no acordo da Xunta de Goberno Local de data 20 de setembro de 2021 de adxudicación gasto actividades a realizar na Semana da Mobilidade, figurando no mesmo:

...)

2.- Adxudicar a Culturactiva S. Coop. Galega (F15983067), o contrato de servizos para a realización das actividades de: Troula animación mobilidade, Caravana de Xogos e Troula pasarrúas mobilidade, dentro da Semana da Mobilidade 2021, por importe de 3.539,25€ (IVE engadido), con cargo á partida 123.22799.

...)

Debendo figurar:

2.- Adxudicar a Culturactiva S. Coop. Galega (F15983067), o contrato de servizos para a realización das actividades de: Troula animación mobilidade, Caravana de Xogos e Troula pasarrúas mobilidade, dentro da Semana da Mobilidade 2021, por importe de 3.539,25€ (IVE engadido), con cargo á partida 134.22799.

A Xunta de Goberno Local queda sabedora e acorda corrixir o erro indicado.

## **FACENDA, PATRIMONIO E CONTAS**

#### **PRP2021/3652**

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº CATRO (2021/7316), derivada da execución do contrato de obras "HUMANIZACIÓN DA RÚA CAMILO JOSÉ CELA, BARRIO DE O PIÑEIRIÑO EN FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2021/6337), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS20 (2) Nº 01/03/2020 por importe de 34.336,86€

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga para certificación de obra Nº CATRO (2021/7316), derivada da execución do contrato de obras "HUMANIZACIÓN DA RÚA CAMILO JOSÉ CELA, BARRIO DE O PIÑEIRIÑO EN FONTECARMOA", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2021/6337), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS20 (2) Nº 01/03/2020 por importe de 34.336,86€, coa seguinte desagregación:

REX.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
2021/7316	CATRO	04/10/2021	34.336,86 €	EXCAVACIONES Y TRANSPORTES IVANCA, S.L.	CERT. CATRO. HUMANIZACIÓN DA RÚA CAMILO JOSÉ CELA, BARRIO DE O PIÑEIRIÑO EN FONTECARMOA	459	61900

#### PRP2021/3651

Visto o expediente integrado pola certificación de obra Nº 1 (2021/7212), derivada da execución do contrato de obras "RETRANQUEO DE MURO DOS COLEXIOS A LOMBA E AREALONGA NA XUNQUEIRA (MELLORA DE ACCESIBILIDADE)", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2021/6869), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS20(2) Nº 01/01/2021 por importe de 41.258,02€

Vista a fiscalización previa favorable de Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda o recoñecemento de obriga para certificación de obra Nº 1 (2021/7212), derivada da execución do contrato de obras "RETRANQUEO DE MURO DOS COLEXIOS A LOMBA E AREALONGA NA XUNQUEIRA (MELLORA DE ACCESIBILIDADE)", (xustificante de gasto con Nº de rexistro 2021/6869), dentro do proxecto de gasto con financiamento afectado POS20(2) Nº 01/01/2021 por importe de 41.258,02€, coa seguinte desagregación:

REG.	Nº de Doc.	Fecha Dto.	Importe	Nome	Texto Explicativo	Progr.	Econ.
2021/7212	UN	17/09/2021	41.258,02 €	CONSTRUCCIONES OBRAS E VIALES S.A. (COVSA)	CERT. UN. RETRANQUEO DE MURO DOS COLEXIOS A LOMBA E AREALONGA NA XUNQUEIRA (MELLORA DE ACCESIBILIDADE)	1530	6190

#### PRP2021/3648

De conformidade coa Operación "Desenvolvemento de plans de intervención para a inclusión" da EDUSI Vilagarcía Avanza e en relación ao contrato menor de servizos aprobado "Suministro de equipos informáticos e consumibles para oficina de formación e información dixital", tras a realización do traballo e a comprobación do mesmo polo departamento de Promoción Económica, a Xunta de Goberno Local acorda a aprobación e Recoñecemento da obriga da seguinte factura:

PROVEDOR	FACTURA	IMPORTE	APLICACIÓN	OBRA/SUMINISTRO/SERVIZO
SERVICIOS TECNICOS	210001893 0	3.475,00€	241-6260017	Suministro de equipos informáticos e

INTEGRADOS DEL NOROESTE S.L.	REG 2021/6747	AD21-16531	consumibles para oficina de formación e información digital
FINANCIACIÓN FONDOS FEDER: Línea de actuación Operación VLG_LA_17_INCL, al Proyecto 2018-2-DUSI-12 y la aplicación presupuestaria 241-6260017.			

### PRP2021/3664

Visto o expediente de gasto INT/2021/587 integrado pola relación de xustificantes F/2021/118 por importe de 79.488,51 €.

Vistos os informes dos servizos que se integran no expediente.

Vistos os informes de Covalidación das concellerías delegadas que se integran no expediente.

Vista o informe de fiscalización previa limitada da Intervención municipal.

A Xunta de Goberno Local acorda:

1-A convalidación dos expedientes de gastos á vista dos informes dos/as Concelleiros/as delegados/as co seguinte detalle:

Fase	Aplicación	Importe	Nombre Ter.	Texto Libre
AD	2021 926 22000	620,44	SKETCH SYSTEM, S.L.	ADXUD. POR CONVALIDACIÓN SUBMIN. TINTAS E VINILOS, ÁREA COMUNICACIÓN.
AD	2021 432 22612	575,96	ON EN MARCHA SEGURIDAD Y VIGILANCIA, S.L.	ADXUD. POR CONVALIDACIÓN SERV. DE VIXIANCIA NO SALÓN DO LIBRO.

2-O recoñecemento de Obriga para a relación de facturas Nº F/2021/118 por importe de 79.488,51 € coa seguinte desagregación:

REG.	Documento	Fecha Doc.	Importe	Progr.	Econ.	Nombre Ter.	Texto Libre
F/202 1/347 1	N03 213123306	12/05/ 2021	37,85	161	22699	ESPINA Y DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO: Titular do contrato: CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA Enderezo do subministro: CERVANTES 7
F/202 1/525 2	TA6NH0067333	19/07/ 2021	86,41	2412	22199	TELEFONICA DE ESPAÑA, S.A.U	Resumen por Servicio - Abono/Ref.Factura: 986504759 - Periodo regular de cuotas (01 Jul. a 31 Jul. 21) Periodo regular d
F/202 1/550 6	21 13	02/08/ 2021	10.000,00	231	22643	ORBITA INFANTIL, S.C.	LUDOTECA DE VERAN 42 USUARIOS, 7 GRUPOS DE 6 PARTICIPANTES, EN HORARIO DE 09:00 A 14:00 DO 1 AO 31 DE XULLO / Coordinado
F/202 1/550 6	21 13	02/08/ 2021	540,20	2314	22624	ORBITA INFANTIL, S.C.	LUDOTECA DE VERAN 42 USUARIOS, 7 GRUPOS DE 6 PARTICIPANTES, EN HORARIO DE 09:00 A 14:00 DO 1 AO 31 DE XULLO / Coordinado
F/202 1/551 1	N03 213218106	16/07/ 2021	38,23	161	22699	ESPINA Y DELFIN, S.L.	DATOS DO SUBMINISTRO: Titular do contrato: CONCELLO DE VILAGARCIA DE AROUSA Enderezo do subministro: CERVANTES 7
F/202 1/557 1	Emit- 327	04/08/ 2021	227,74	920	22000	COPYMARCAXE, S.L.	ALMOHADILLAS 4924/2727 / SELLO AUTOMATICO 4924
F/202 1/558 9	V 840	31/07/ 2021	517,00	221	16201	DISBEPO, S.L.	SANXINES BOTELLONES 20L / SANXINES BOTELLONES 20L / SANXINES BOTELLONES 20L / ADMINISTRACION GENERAL / MON REIRIS

F/202 1/584 2	F 211149	06/08/ 2021	2.583,35	926	22602	GRAFICAS ANDURIÑA, SCG	Programas de 36 páginas + portadas a 4/4 tintas encuadernados a caballete con 2 grapas ( REF: SAN ROQUE )
